

Regulamento de Réxime Interior Cuac FM 2010.

TÍTULO I. CONSIDERACIONES PREVIAS

Art.1.- Cuac FM é unha emisora de radio comunitaria. É polo tanto unha emisora privada sen ánimo de lucro cunha finalidade social, que está orientada a satisfacer as necesidades de comunicación das persoas e colectivos sociais da bisbarra da Coruña, ante as que é responsable.

Art 2.- A propiedade de Cuac FM corresponde á Asociación Cultural Colectivo de Universitarios Activos (CUAC) sendo polo tanto unha entidade de propiedade colectiva. Toda persoa que participe activamente da Asociación terá a consideración de socia, e por tanto participará da propiedade de Cuac FM.

Art.3.- Cuac FM garante o libre acceso das persoas e colectivos á emisión unha vez acatados os seus Estatutos e o presente Regulamento. Este acceso conlevará a súa participación nas decisións de programación, administración, operación, financiamento e avaliación, das actividades de Cuac FM.

Art 4.- Os programas de CUAC non poderán adicarse ó proselitismo relixioso nin partidista. Sen perxuízo do anterior, en Cuac FM non se realizará máis control dos contidos verquidos nos espazos emitidos, que serán sempre responsabilidade das persoas físicas que os expresen.

Art.5. Cuac FM resérvase a potestade de exercer un control formal sobre as súas emisións, que se realizará en todo caso segundo o presente Regulamento e os Estatutos de CUAC.

Art.6. A Asemblea Xeral poderá decidir unha liña editorial institucional da emisora, pero en ningún caso se poderá impor esta liña editorial nos contidos dos programas integrantes da grella de Cuac FM, sen perxuízo do previsto no artigo 4 do presente Regulamento.

TITULO II: ORGANIZACIÓN INTERNA.

Capítulo I. A Comisión de Coordinación.

Art.7. A xestión ordinaria de Cuac FM será deseñada pola Asemblea de CUAC, e desenvolvida pola Comisión de Coordinación dacordo ca Xunta Directiva de CUAC.

Art.8. Son competencias da Comisión de Coordinación:

- a) Velar pola calidade, regularidade e operatividade das emisións de Cuac FM.
- b) Elaborar as propostas de mellora que considere oportunas para a súa aprobación pola Asemblea Xeral de CUAC.
- c) Velar polo bo uso do nome e da imaxe de Cuac FM.
- d) Propor e facer cumprir as normas internas que sexan necesarias para o bo funcionamento da emisora.
- e) Incoar e instruír os expedientes sancionadores e, cando proceda, adoptar as medidas cautelares pertinentes segundo a normativa vixente.
- f) Coordinar as actividades de Cuac FM, tanto as regulares coma as extraordinarias.
- g) As que lle asigne a Asemblea Xeral de CUAC.

Art.9. A Comisión de Coordinación de Cuac FM consta das seguintes Coordinadoras:

- a) Coordinadora de Redacción.
- b) Coordinadora de Programación.
- c) Coordinadora de Relacións cas Persoas Asociadas.
- d) Coordinadora de Tecnoloxía.
- e) Coordinadora de Organización e Estratexia.
- f) Coordinadora de Finanzas e Promoción.
- g) As que decida crear a Asemblea Xeral de CUAC.

Art.10. As Coordinadoras terán autonomía para organizarse internamente, e poderán elaborar protocolos de actuación que serán aprobados provisionalmente polo Consello de Coordinación e definitivamente pola Asemblea Xeral.

Art.11. A participación das persoas asociadas nas Coordinadoras será voluntaria. A participación nunha Coordinadora non exclúe de poder participar noutras.

Art.12. Son competencias da Coordinadora de Redacción:

- a) A organización, planificación e creación de contidos.
- b) As tarefas de xestión vencelladas ós contidos (acreditacións, pases, etc...)
- c) A avaliación da calidade das emisións e dos contidos.

Art.13. Son competencias da Coordinadora de Programación:

- a) Organizar a grella de programas.
- b) Acordar e xestionar o intercambio de programas con outras emisoras.
- c) Organizar e supervisar a continuidade.

Art.14. Son competencias da Coordinadora de Relacións cas Persoas Asociadas.

- a) Incentivar a comunicación, cohesión e cooperación cas asociadas activas e antigas asociadas.
- b) Manter ó día a comunicación asociativa interna.
- c) Xestionar as actividades paralelas.
- d) Levar o arquivo da emisora.

Art.15. Son competencias da Coordinadora de Tecnoloxía

- a) A elaboración de plans técnicos e inventarios.
- b) A xestión das ferramentas software e hardware.
- c) O mantemento dos equipos.

Art.16. Son competencias da Coordinadora de Organización e Estratexia

- a) Definir obxectivos e os medios para acadalos.
- b) Levar a estratexia legal.
- c) Desempeñar a representación exterior da emisora.

Art.17. Son competencias da Coordinadora de Finanzas e Promoción

- a) Diseñar o plan de financiamento da emisora.
- b) Levar as relacións cos patrocinadores da emisora.
- c) Artellar ferramentas e campañas de promoción e marketing.
- d) Buscar e xestionar novas fontes de ingresos.

Capítulo II. O CONSELLO DE COORDINACIÓN.

Art.18. O Consello de Coordinación estará encargado de supervisar e por en común os traballos das Coordinadoras e organizar as tarefas transversais, e estará formado por representantes de cada unha das coordinadoras. As persoas concretas e o seu número poderán variar de convocatoria en convocatoria.

Art.19.- As tarefas transversais son:

- a) Formación.
- b) Contidos para internet (web, redes sociais...) e comunicación.
- c) Infraestrutura.
- d) Outras que lle asigne a Asamblea.

Art.20. Reunirse polo menos unha vez ó mes e adoptará as súas decisións por consenso, seguindo a metodoloxía das catro posicións (apoio, consinto, apártome, bloqueo).

Art.21. As decisións executivas que este órgano poida adoptar, terán que ser refrendadas pola Asemblea de CUAC.

Título III: FINANCIAMENTO

Art.22. Para cada exercicio, a Coordinadora de Finanzas e Promoción elevará á Asemblea un plan de financiamento para o seu debate e aprobación. Este plan anual de financiamento fixará as obrigas económicas das persoas asociadas.

Título IV: PROCEDIMENTOS DE INGRESO E BAIXA.

Art.23. Para participar con regularidade en Cuac FM é requisito imprescindible estar nunha das seguintes situacións:

- a) Ser unha persoa asociada.
- b) Ser convidada por unha persoa xurídica asociada.

Art.24. Para ingresar coma persoa física son requisitos imprescindibles:

- a) Ser maior de idade. Ou estar autorizado e refrendado por un maior de idade.
- b) Acatar a normativa vixente da asociación e da emisora.
- c) Cubrir a ficha de ingreso e, de existir, abonar a fianza e as cotas de ingreso definidas no Plan Financeiro Anual.

- d) Cumprimentar outros trámites ou requisitos que, no seu caso, aprobe a Asemblea Xeral de CUAC.

Art.25. A decisión provisional da admisión ou rexeitamento de persoas e entidades asociadas a Cuac FM será tomada pola Xunta Directiva de CUAC, que informará a Asemblea Xeral. Será a Asemblea quen ratifique ou revoque esa decisión.

Art.26. A baixa na participación producirase:

- a) Pola perda da condición de persoa ou de entidade asociada.
- b) Por vontade propia.
- c) Por resolución ou medida cautelar derivada dun expediente sancionador.
- d) Por pasamento ou extinción da personalidade xurídica da entidade asociada.

TITULO V: DEREITOS E OBRIGAS DAS ASOCIADAS CON CUAC FM

Art.27. As persoas a asociadas a CUAC teñen dereito a:

- a) Participar na programación de Cuac FM do xeito que acorden ca Coordinadora de Programación.
- b) A participar de tódalas actividades paralelas organizadas pola emisora.
- c) A participar das tarefas de administración, xestión e decisión.
- d) A participar nos órganos de goberno da asociación, e nos órganos de xestión da emisora.
- e) A ter voz e voto nas Asembleas de CUAC na súa calidade de persoa asociada.
- f) A promover novas actividades.
- g) Recibir a formación impartida pola emisora.
- h) Os demais dereitos contidos no artigo 8 dos estatutos de CUAC.

Art.28. As persoas asociadas a CUAC obríganse a:

- a) Asistir as Asembleas de Cuac FM.
- b) Respetar as normas e protocolos de funcionamento da emisora e da asociación.
- c) Garantir o bo uso dos equipos e material.
- d) Observar unha boa conducta individual e cívica.
- e) Asumir a responsabilidade dos contidos emitidos por elas ou baixo a súa tutela.
- f) Garantir o dereito de réplica.
- g) Non facer un uso non autorizado do nome ou a imaxe de Cuac FM, en especial para obter algún tipo de beneficio persoal.
- h) Abonar as cotas que anualmente determine o Plan Financeiro en tempo e forma.
- i) Realizar as tarefas ás que se comprometa, sexa en coordinadoras ou en ocasións puntuais.

TÍTULO VI. RÉXIME DISCIPLINARIO.

Capítulo I. Faltas.

Art .29. Existen dúas categorías de faltas en que poden incurrir as asociadas, faltas graves e leves.

Art.30. Son faltas graves:

- a) Menoscabar de xeito intencionado a capacidade de emisión de Cuac FM.
- b) Facer un mal uso do nome ou a imaxe de Cuac FM.
 - a. Pedir acreditacións directamente, sen seguir o protocolo establecido pola coordinadora competente.
 - b. Realizar actividades paralelas empregando o nome ou a imaxe de Cuac FM e sen obter a autorización pertinente.
 - c. Solicitar bens ou servizos en beneficio propio empregando o nome ou a imaxe de Cuac FM.
- c) Perxudicar gravemente os intereses da emisora ou doutras asociadas.
- d) Non gravar, ou destruí-las copias do programa antes do prazo dun mes.
- e) Obter calquera tipo de lucro empregando para elo a Cuac FM ou ao propio programa.
- f) Vulnear o dereito a honra e a propia imaxe das persoas físicas ou xurídicas
- g) Non garantir o dereito á réplica.
- h) Desacatar unha sanción firme ou medida cautelar.
- i) Incumprir as obrigas económicas definidas no Plan Financeiro anual.
- j) Incumprir as normas enunciadas nos Estatutos de CUAC e no presente Regulamento.
- k) Tres faltas leves.
- l) As que aprobé a Asemblea Xeral

Art.31. Consideraranse faltas leves.

- a) Faltar ás emisións sen causa xustificada e advertencia previa.
- b) Incumprir os horarios de emisión.
- c) Incumprir os prazos de devolución de material.
- d) Empregar material da emisora para fines propios sen autorización da coordinadora correspondente.
- e) Non acudir ás Asembleas sen delegar a representación.
- f) A infracción de protocolos das coordinadoras que non entrañen falta grave.
- g) As que aprobe a Asemblea Xeral.

Art.32. As sancións non poderán ser económicas.

Art.33. As faltas graves poderán ser causa de proposta de expulsión e da perda da calidade de asociada.

Art.34. As faltas poderán ser sancionadas:

- a) Cun período de suspensión na participación das diversas actividades, sexan estas de xestión, administración, redacción, emisión, etc...
- b) Ca perda de antigüidade, transitoria ou definitiva.
- c) Cas dúas anteriores simultaneamente.
- d) Ca expulsión.
- e) Con outras que aprobe a Asemblea Xeral.

Art.35. O cumprimento da sanción nas faltas leves non implica prescripción nin caducidade da falta.

Art.36. As faltas leves terán un prazo de prescripción de 365 días dende a comisión da falta. Para este cómputo teranse en conta os días naturais. Unha vez transcorrido este prazo a falta deixará de ser computable para a consideración de falta grave por reincidencia.

Capítulo II. Procedemento sancionador.

Art.37. Detectada unha posible irregularidade, a coordinadora competente no asunto, realizará un expediente que incluírá no seu caso a proposta de sanción.

Art.38. A apertura de expediente será notificada por escrito as asociadas encausadas a fin de darlles audiencia no prazo de quince días dende que a coordinadora iniciase o procedemento.

Art.39. A notificación farase por correo electrónico, e no caso de ser imposible, no taboleiro de anuncios da emisora. De non responderse aos termos da notificación entenderase que as expedientadas renuncian ao seu dereito de audiencia.

Art.40. Unha vez rematado o expediente, a Xunta Directiva, no caso das faltas leves procederá a impor a correspondente sanción ou ó arquivo da causa. No caso das graves, a Xunta Directiva convocará a Asemblea Extraordinaria para resolver o expediente.

Art.41. En caso de que a causa do expediente estea considerada coma falta grave, a Xunta Directiva poderá suspender cautelarmente de actividades ás persoas encausadas, ata que se tome unha decisión definitiva por parte da Asemblea Xeral Extraordinaria.

Art.42. En caso de rexeitarse a proposta de sanción pola Xunta Directiva, ou pola Asemblea Xeral Extraordinaria, as persoas asociadas serán restituídas en tódolos seus dereitos, non constando a apertura de expediente na súa ficha.

Art.43. Contra a resolución ratificada pola Asemblea Xeral poderanse interpoñer os recursos pertinentes previstos nas disposicións legais e regulamentarias.

Disposición adicional.

Todo aquilo que non quede recollido no presente Regulamento quedará suxeito ao que determinen a Asemblea Xeral, os Estatutos de CUAC e as leis vixentes.